

# PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

## ÍNDICE

	PÁX.
<b>1.-INTRODUCCIÓN</b> .....	2
<b>2.- CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO</b> .....	3
2.1.- Determinación da situación sociolingüística da contorna .....	4
<b>3.- OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA</b> .....	
3.1.- Relativos ao contorno sociolingüístico do centro .....	7
3.2.- Relativos á situación do profesorado .....	8
3.3.- Relativos á situación do alumnado .....	8
3.4.- Relativos á situación do centro .....	8
<b>4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA</b> .....	9
<b>5.- DECISIÓNS DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EP.</b> .....	12
<b>6.- EXENCIÓNS</b> .....	12
6.1.- Procedementos de solicitude (Orde 10/02/14) .....	12
6.2.- Materiais e recursos específicos .....	14
6.3.- Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.....	13
<b>7.- MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICÍ'N DO CURRÍCULO INTEGRADO DE LINGUAS</b> .....	15
<b>8.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA</b> .....	16
8.1.- Composición .....	16
8.2.- Funcións .....	16
<b>9.- PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA..</b>	18
9.1.- Relativas ao contorno sociolingüístico .....	18
9.2.- Relativas á situación do profesorado .....	18
9.3.- Relativas á situación do alumnado .....	19
9.4.- Relativas á situación lingüística do centro .....	19
<b>10.- PLURILINGÜISMO</b> .....	20
10.1.- Programas específicos de atención ao alumnado (con NEAE) .....	20
10.2.- Seccións bilingües .....	21
<b>11.- AVALIACIÓN</b> .....	21

## 1.- INTRODUCCIÓN.

En Galicia, púxose en marcha xa hai moitos anos un modelo lingüístico educativo de conxunción de lingua (cando menos en teoría), xa que tiña como obxectivo principal que o alumnado acadase un coñecemento semellante de galego e castelán.

Na Lei de normalización lingüística (1983) aparecen os seguintes puntos en relación ao ensino:

- ✦ Art. 12.1: O galego é a lingua oficial do ensino en todos os niveis educativos.
- ✦ Art. 13.2: As autoridades educativas da CCAA de Galicia arbitrarán as medidas encamiñadas a promover o uso progresivo do galego no ensino.
- ✦ Art. 14.3: As autoridades educativas garantirán que o alumnado cando remate cada ciclo en que o ensino do galego é obrigatorio, teña un coñecemento do galego, a nivel oral e escrito, semellante ao castelán.

Polo tanto no marco legal o que se lle esixe ao sistema educativo é que o alumnado, tras o seu paso por el, sexa competente nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar.

Como podemos comprobar, o obxectivo do sistema educativo de Galicia foi o de definir un punto de chegada común para todos os centros: a plena competencia nas dúas linguas; pero, tendo en conta que o punto de partida era moi diferente, dada a diversidade da realidade sociolingüística dos centros, deixábaselles unha ampla marxe aos centros escolares e ás comunidades educativas para acadar o obxectivo proposto.

Esta ampla marxe de actuación non sempre foi beneficiosa para o galego, por iso o Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo, supón avanzar de xeito significativo no camiño iniciado. Nel mantense o obxectivo final e a necesidade de que cada centro elabore unha planificación lingüística específica, o que cambia é a definición dos mínimos na utilización do galego:

1. Na etapa de educación infantil o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propio da correspondente etapa ou ciclo. No caso de contornos castelán falantes a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza será, como mínimo, igual á da lingua castelá. Fomentarase a adquisición

progresiva da lectura e da escritura en galego, no sentido de que se converta no idioma base da aprendizaxe, de xeito que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e co profesorado.

2. A lingua materna predominante será determinada polo claustro, de acordo cos criterios establecidos no proxecto lingüístico. Para o establecemento da lingua materna deberán terse en conta, entre outros, os datos achegados polo Mapa sociolingüístico de Galicia, os datos estatísticos oficiais e a información achegada polos pais e nais.
3. En toda a etapa da educación primaria garantirase o cumprimento do establecido para esta etapa no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado polo Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, que se inclúe como anexo a este decreto. Impartiranse obrigatoriamente en galego as áreas de matemáticas, coñecemento do medio natural, social e cultural e educación para a cidadanía e dereitos humanos, garantindo a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma.
4. Todos os centros deben elaborar e remitirle á administración educativa o Proxecto lingüístico do centro.
5. Mantense a existencia do agora denominado Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.

Así, o obxectivo final que nos buscamos coa posta en marcha deste plan é procurar que a lingua galega acade un status de normalidade no noso centro e no resto dos ámbitos da vida dos nosos alumnos/as, un status que lle foi usurpado por razóns históricas, sociais e políticas ao longo dos seis últimos séculos.

## **2.- CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.**

O CEIP de Marcón conta con 3 unidades de Educación Infantil e 6 de Educación Primaria e atópase situado nunha parroquia do litoral do concello de Pontevedra (cumpre todos os requisitos establecidos no Deseño Curricular Base, no Real Decreto 1537/2003, de 5 de decembro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral, no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria e na Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de

organización e funcionamento dos ditos centros); aínda que está enclavado na zona rural a influencia urbana é moi grande por estar preto da capital. O centro ten horario continuado de 9:30 h. a 14:30h. (segundo a Orde do 13 de abril de 1993), dispón do servizo de transporte, do servizo de comedor e Plan Madruga. A súa creación e construción realizouse segundo o Decreto 268/1991, de 30 de xullo, da Consellaría de Educación (DOG de 8 de agosto) e empezou a funcionar o 16 de setembro de 1991.

Os órganos de goberno colexiados son o Claustro de Profesores e o Consello Escolar (e dentro deste o Observatorio da Convivencia e a Comisión Económica) e os unipersoais inclúen a directora, a xefa de estudos e a secretaria. Os órganos de coordinación docente son: a Comisión de Coordinación Pedagóxica, o Equipo de Dinamización Lingüística e o de Actividades Complementarias e Extraescolares.

O persoal docente do centro está composto por 9 mestres titores, unha mestra de Educación Física, unha mestra de relixión unha mestra de Educación Musical e unha mestra de inglés. Ademais, o centro dispón dunha mestra especialista en PT e outra en AL e dunha orientadora, compartidas estas dúas últimas con outros centros.

Ademais dispón dun conserxe con dedicación exclusiva ao centro.

As familias que conforman a comunidade educativa teñen unha procedencia social heteroxénea, aínda que predomina a clase media e a media-baixa, de aí que un dos nosos principios sexa favorecer a relación entre todos os alumnos/as sen discriminación social. O alumnado procede na súa maioría de familias estables, cun nivel académico medio e profesións diversas. A situación laboral presenta un baixo índice de paro, sendo as principais ocupacións as relacionadas cos sectores secundario e terciario.

## **2.1.- DETERMINACIÓN DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DA CONTORNA.**

### **A.- Elaboración dos índices sectoriais e do indicador global.**


Despois de realizar e analizar as distintas enquisas de planificación lingüística, os resultados obtidos son os seguintes:

1. Con respecto á enquisa que analiza o contexto sociolingüístico do centro, podemos dicir que o índice medio é de 3.7 nunha escala de 1 a 5, o que quere dicir que o contexto

lingüístico do centro vén marcado por unha igual presenza de galego e castelán. Máis polo miúdo, constatamos que:

✦ A lingua habitual dos fogares é o castelán e galego por igual. Os datos do Instituto Galego de Estatística do 2003 din que máis do 53% da poboación fala habitualmente en galego e que só un 24% non fala galego nunca.

No noso centro en concreto os datos son os seguintes:




- ✦ A lingua habitual nas interaccións comunitarias tamén é o castelán e galego por igual.
- ✦ A lingua empregada polo concello na comunicación cos administrados é o galego.
- ✦ A lingua empregada polas entidades asociativas do contorno é predominantemente o galego.


2. Con respecto a enquisa que analiza a situación do profesorado, obtivemos unha media de 2.98, dunha escala entre 1 e 5, de forma que situamos a dispoñibilidade do profesorado para impartir a docencia en galego de moderada.

Alguns dos datos máis relevantes que nos ofrecen estas enquisas aparecen expostos a continuación en forma de gráficos:


**Lingua habitual do profesorado**




**Capacitación para o uso do galego nas aulas**



**Lingua habitual do profesorado no centro educativo**




**Disposición para facer cursos e mellorar a capacitación**




3. Atendendo á terceira enquisa, de situación do alumnado, obtivemos unha media de 2,63, dunha escala de 1 a 5, e observamos que o galego ten pouca presenza na vida do alumnado.

Algúns dos datos máis relevantes que nos ofrecen estas enquisas aparecen expostos a continuación en forma de gráficos:


**Lingua na que aprenden a falar os nenos/as**



**Lingua habitual do alumnado na escola**



**Lingua que empregan os nenos/as**



4. A cuarta enquisa refírese á ambientalidade lingüística do centro e permítenos coñecer cal é a presenza que ten a lingua galega na vida do centro, fóra da que teña nas

actividades docentes. Obtivemos un índice de 3.85 e situamos a ambientalidade lingüística do centro en moderada.

5. Con todos estes índices parciais obtivemos un indicador global de 3.121 que non sitúa o centro nun contexto sociolingüístico onde hai igual presenza de galego e castelán.

## **B.- Criterios para determinar a lingua predominante na contorna.**

Á hora de determinar a lingua predominante na contorna tivemos en conta:

- O indicador global que expuxemos no apartado anterior.
- Os datos do IGE.
- Os datos do Mapa sociolingüístico de Galicia.

Así pois, como podemos observar todos os datos sinalan que na nosa contorna hai igual presenza das dúas linguas e tendo en conta a lexislación vixente da Lei de normalización lingüística e do D124/2007 decidimos facer fincapé no mantemento da lingua materna, pois sabemos que a adquisición dunha boa competencia na L2 non presenta dificultade ningunha.

## **3.- OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.**

### **3.1.- RELATIVOS AO CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.**

1.- Aproveitar todas as posibilidades que se nos presenten na relación coa sociedade da contorna: excursións, visitas, saídas, charlas, etc., pois son unha oportunidade para o emprego da lingua e para que se comprobe a súa validez plena nas actividades da vida cotiá.

2.- Manter unha colaboración aberta e participativa co concello, especialmente co Servizo de Normalización Lingüística, con movementos asociativos e de participación, relacionados coas actividades de ocio e lecer.



### **3.2.- RELATIVOS Á SITUACIÓN DO PROFESORADO.**

- 1.- Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa, participando en cursiños, encontros e seminarios de formación.
- 2.- Conseguir que todos os órganos colexiados do centro participen nas actividades de dinamización lingüística.
- 3.- Ampliar a nosa lingua a través das novas tecnoloxías da información e comunicación recompilando material que axude ao profesorado a traballar en galego.

### **3.3.- RELATIVOS Á SITUACIÓN DO ALUMNADO.**

- 1.- Asegurar o emprego da lingua escrita mediante concursos de redacción, traballos artísticos, revista escolar, etc.
- 2.- Promover o uso da lingua oral mediante actividades lúdicas.
- 3.- Fomentar o interese pola audición da música galega e polas distintas manifestacións de tradición oral.

### **3.4.- RELATIVOS Á SITUACIÓN DO CENTRO.**

- 1.- Dotar a biblioteca de libros ou vídeos para actividades como: samaín, salón do libro, letras galegas, etc.
- 2.- Ter en galego a páxina web do centro, presentando nela os mellores traballos das distintas actividades desenvolvidas ao longo do curso e promover, a través de diversos enlaces, a consulta doutras páxinas de interese.

## 4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

Cómpre sinalar que a dinamización lingüística nun centro educativo consiste no desenvolvemento dun conxunto estruturado de actividades que ten como obxectivo crear as condicións que aseguren a posta en marcha e máis o funcionamento da planificación lingüística educativa.

Algunhas das actuacións dinamizadoras que propoñemos son:

### 1. Centradas no uso do galego

- ✦ Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos...
- ✦ Ter en galego a páxina web do centro e promover, a través de diversos enlaces, a consulta doutras páxinas de interese.
- ✦ Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social: correspondencia, boletíns de notas, comunicados...
- ✦ Facer en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.
- ✦ Ter en galego os cuños empregados na vida administrativa: o oficial do centro, os do rexistro, da biblioteca...
- ✦ Emprego da lingua galega por parte do profesorado nas conversas que manteñan coas familias, co alumnado e co persoal non docente.
- ✦ Usar a lingua galega en todos os actos que organice o centro: reunións de pais, festivais, charlas...
- ✦ Utilizar o galego nas actividades que impliquen o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, pois contribuirá a incrementar a súa valoración: programas informáticos en galego, utilización de diversos recursos que ofrece internet, creación de blogs, uso de TokApp...
- ✦ Recompilar material informático que axude ao profesorado a traballar en galego: tradutor, corrector, ferramentas informáticas para elaborar recursos (Lim, Javaclic, phpwebquest...), dispoñibles no Portal Educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- ✦ Editar en galego a revista e outras publicacións do centro.
- ✦ Ter ben dotada de materiais en galego a biblioteca do centro e as bibliotecas da aula, fomentando o seu uso e a lectura.
- ✦ Ter ben dotada de materiais audiovisuais a sala do centro, de xeito que o alumnado coñeza a riqueza das producións feitas en galego.

- ✦ Fomentar a través de xogos e outras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- ✦ Poñer ao alumnado en contacto coa realidade actual do país: mediante a realización de visitas de carácter didáctico, por un panel informativo que recolla as informacións máis importantes relacionadas coa presenza social do galego...
- ✦ Impulsar a formación de grupos de teatro, musicais, deportivos, clubs de lectura... que desenvolvan a súa actividade en galego.
- ✦ Manter unha colaboración aberta e participativa co Concello, especialmente co Servizo de Normalización Lingüística, con movementos asociativos e de participación relacionados coas actividades de ocio, lecer e consumo da mocidade...
- ✦ Asegurar o uso do galego nas actividades que se realizan no centro e non son estritamente escolares, coma no caso das actividades extraescolares e no caso do comedor.
- ✦ Aproveitar todas as posibilidades que se nos presenten na relación coa sociedade do contorno: excursións, visitas, saídas, charlas, etc. pois son unha oportunidade para o emprego da lingua e para que se comprobe a súa validez plena para as actividades da vida diaria.

## 2. Sobre a creación de actitudes positivas

- ✦ A través da comprobación da coherencia e compromiso do contorno do alumnado, fuxindo da identificación do uso da lingua como algo académico e curricular e inseríndoa nos usos da vida cotiá.
- ✦ Organizar campañas orientadas á desaparición dos prexuízos lingüísticos. Estas campañas poderán estar destinadas ás familias, ao profesorado ou ao alumnado.
- ✦ Divulgar unha imaxe da lingua galega centrada nun argumentario moderno e vangardista.
- ✦ Prepara unha exposición sobre o uso do galego que teña en conta tres niveis: a sociedade, o contorno do centro e o colectivo educativo.
- ✦ Realizar carteis, adhesivos, slogans... promovendo o uso do galego.
- ✦ Facer públicos os avances anuais do uso do galego no centro.
- ✦ Espallar entre a comunidade educativa todas aquelas novas que supoñan un avance na recuperación do prestixio social da lingua: a través dos taboleiros, dunha publicación, da web...
- ✦ Proporcionarlle ao profesorado informaciónsobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes, que permitan un incremento da docencia en lingua galega.

- ✦ Utilizar todo aquel material en galego que, ademais do seu carácter formativo, contribúa a facer desaparecer os prexuízos: vídeos, cancións, películas, publicacións impresas...
- ✦ Realizar charlas de todo tipo (con escritores, sociolingüistas, personaxes públicos que empreguen o galego na súa profesión...) para promover a utilización social da lingua.
- ✦ Proporcionar información sobre a normativa que regula o uso da lingua, indicando en que medida lle afecta a cada membro da comunidade educativa.

Ante todo, debemos ter en conta que unha iniciativa normalizadora deseñada desde o ensino non debe esquecer as outras manifestación que conforman, xunto á lingua, o armazón cultural galega. Normalizar a lingua implica, tamén, que a escola asuma o obxectivo de normalizar –dende o seu ámbito- a realidade galega no seu conxunto. Daquela, a capacidade de manobra que deixa aberta o actual armazón legislativo amósase como unha ferramenta nada desprezable de cara á consecución deste obxectivo.

Todas as persoas que conforman a comunidade educativa teñen responsabilidade na dinamización sociolingüística, se ben non todas as responsabilidades son idénticas. Neste sentido o Equipo Directivo asume o papel central do proceso, coa colaboración imprescindible do EDL e coa necesaria participación do claustro, da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Consello Escolar. Ademais, dada a influencia do ámbito familiar, a colaboración da ANPA sería de boa axuda para levar a bo porto as propostas dinamizadoras.

A implicación do profesorado é determinante para acadar os obxectivos marcados. Sen un profesorado comprometido ou, cando menos, que asuma de xeito profesional as tarefas deseñadas desde o cento, pouco ou nada se pode facer.

## 5.- DECISIÓN DO CENTRO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EP.

<b>PRIMARIA</b>	<b>1º EP</b>		<b>2º EP</b>		<b>3º EP</b>		<b>4º EP</b>		<b>5º EP</b>		<b>6º EP</b>	
<b>MATERIA</b>	<b>H</b>	<b>LI</b>	<b>H</b>	<b>LI</b>	<b>H</b>	<b>LI</b>	<b>H</b>	<b>LI</b>	<b>H</b>	<b>LI</b>	<b>H</b>	<b>LI</b>
<b>CIENCIAS NATURAIS</b>	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G
<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	3	G	2	G	3	G	2	G	2	G	3	G
<b>EF</b>	2	C	2	C	2	C	2	C	2	C	2	C
<b>LINGUA CASTELÁ</b>	4	C	4	C	4	C	4	C	4	C	3	C
<b>LINGUA EXTRANXEIRA (INGLÉS)</b>	2		2		3		3		3		3	
<b>LINGUA GALEGA</b>	4	G	4	G	4	G	4	G	4	G	3	G
<b>MATEMÁTICAS</b>	5	C	5	C	4	C	4	C	5	C	5	C
<b>MÚSICA</b>	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G
<b>PLÁSTICA</b>	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G+	1	G+
<b>RELIXIÓN/VALORES ÉTICOS</b>	1	C	2	G	1	C	1	C	1	G	1	G
<b>LIBRE CONFIGURACIÓN (EXPRESIÓN ESCRITA)</b>							1	G			1	C
<b>CASTELÁN (%)</b>	48 %		44 %		44 %		44 %		40 %		44 %	
<b>GALEGO (%)</b>	44 %		48 %		44 %		44 %		48 %		44 %	

## 6.- EXENCIONS.

### 6.1.- PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/02/14).

#### Artigo 1. Obxecto

Esta orde ten por obxecto regular os distintos supostos excepcionais e taxados en que o alumnado pode solicitar a exención da materia de lingua galega nos diferentes niveis e etapas do ensino non universitario.

#### Artigo 3. Requisitos para a obtención da exención temporal

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

#### Artigo 4. Deberes do alumnado exento

1. A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

2. O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións ca os demais compañeiros ou compañeiras da clase.
3. O incumprimento por parte do alumno ou da alumna do establecido no punto anterior determinará a revogación da exención, logo dos informes pertinentes e unha vez oída a persoa interesada ou, de ser o caso, os seus proxenitores, titores ou representantes legais.
4. A revogación ou denegación da exención producirán como efecto para o alumnado a obriga de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que se atope.
5. Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, de ser o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

#### Artigo 5. Presentación da solicitude da exención

1. A solicitude da exención da materia de lingua galega deberá presentarse en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para o que se utilizará o formulario normalizado que figura como anexo desta orde, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.es>. A referida solicitude irá asinada polo alumno ou pola alumna solicitante, polo seu pai/nai/titor/titora ou pola persoa que teña a súa representación legal, se é menor de idade, e nela expóranse as razóns polas que se solicita a exención.

No caso de que se envíe por correo, este deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario, para garantir que a data de remisión é anterior ao remate do prazo de presentación da solicitude.

2. A solicitude dirixirase á persoa titular da Dirección do centro docente onde o alumno ou a alumna curse os seus estudos.
3. No caso que a persoa solicitante ou a persoa que a represente non preste o seu consentimento para a comprobación dos datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do departamento ministerial competente, no modelo normalizado da solicitude conforme o previsto no anexo da presente orde, deberá achegar a copia do documento de identidade correspondente.
4. Se a solicitude é presentada por algunha das persoas proxenitoras do menor ou da menor solicitante, xunto coa solicitude achegarase o documento acreditativo da representación alegada.

5. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares, conforme o previsto no artigo 3 da presente orde.

## **6.2.- MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS.**

### **A.- RECURSOS HUMANOS:**

- ✦ Todo o profesorado do centro en colaboración coa ANPA, Concellería de Educación, Cultura e Normalización Lingüística do concello de Pontevedra, Dirección Xeral de Política Lingüística e outros centros educativos ou organismos.
- ✦ O alumnado do centro.
- ✦ Persoal non docente.

### **B.- RECURSOS MATERIAIS:**

- ✦ Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, libros de consulta,...
- ✦ Bibliotecas de aula.
- ✦ Aula de informática con 14 ordenadores e con conexión a Internet, canón e encerado dixital.
- ✦ Un ordenador, proxector e pantallas con conexión a internet en todas as aulas de EI e EP.
- ✦ Fotocopiadora e plastificadora.
- ✦ Cortiza ou taboleiro.
- ✦ Material achegado por distintas institucións sobre dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.

## **6.3.- MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN.**

- O profesor/a correspondente deberá ter unha atención personalizada con este alumnado, partindo da súa lingua de referencia (de ser posible) para que vaia pouco a pouco adaptándose á lingua que se use na clase en cada materia.

- En caso necesario, utilizarase profesorado de apoio na mesma aula, para atender individualmente a este alumnado.

- En caso de alumnado estranxeiro, de ser imprescindible, utilizarase outro alumno/a da mesma procedencia (de habelo), como intérprete, para que vaia incorporándose progresivamente ao ritmo da aula.

## 7.- MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.

As linguas cooficiais en Galicia presentan currículos similares, de aí que predomine o currículo integrado. De feito, os bloques de contido son iguais, pero a Lingua Galega ten un bloque máis do que carece a Lingua Castelá: Lingua e sociedade:

### OS BLOQUES DE CONTIDO

#### LINGUA GALEGA

- B1. Comunicación oral. escoitar e falar.
- B2. Comunicación escrita: ler e escribir.
- B3. Coñecemento da lingua.
- B4. **Lingua e sociedade.**
- B5. Educación literaria.

#### LINGUA CASTELÁ

- B1. Comunicación oral: escoitar e falar.
- B2. Comunicación escrita: ler e escribir.
- B3. Funcionamento da lingua.
- B4. Educación literaria.

Por iso, algunhas das medidas a seguir son:

- ⊕ O mestre empregará a mesma terminoloxía (aínda que cada lingua teña as súas características propias), nas dúas linguas, para non dificultar a aprendizaxe do alumno.
- ⊕ Centrarase en aspectos comúns, como as estratexias de lectura, o proceso de escritura, a tipoloxía textual, a definición de termos lingüísticos e as actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística.
- ⊕ Tamén se centrará en aspectos diferentes como:
  - En galego é obrigatorio poñer o artigo diante do posesivo, pero en castelán non se permite.
  - Co tempo atmosférico empregamos o verbo *ir*, mentres que o castelán emprega o verbo *hacer* e o inglés o verbo *to be*.
  - ...
- ⊕ Así, o coñecemento morfolóxico e léxico da lingua galega pode axudar a comprender, por exemplo, os castellanismos encubertos.



O neno plurilingüe realiza transferencias de coñecemento nunha lingua por outra. Po exemplo, o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua. Esta capacidade de transferencia permite descubrir as regularidades dunha lingua e relacionalas coas regularidades observadas noutra lingua diferente.

Na nosa Comunidade Autónoma cómpre ter en conta que o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Polo tanto, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega que haberá que atender e dinamizar. Por iso, é preciso favorecer o uso e aprendizaxe desta lingua para que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social. Por este motivo tamén o currículo da LG inclúe o contido Lingua e sociedade, que non aparece no currículo de LC.

## **8.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.**

### **8.1.- COMPOSICIÓN.**

O Equipo de Dinamización estará composto polas seguintes mestras:

- ✦ Isabel García Rodríguez: Coordinadora e mestra titora de 6º de EP.
- ✦ Mª Mercedes de Heredia Martínez: mestra titora de 6º de EI.
- ✦ Mª Inmaculada Rodríguez Seara: mestra titora de 1º de EP
- ✦ Mª Jesús Varela Fernández: mestra titora de 4º de EP.

### **8.2.- FUNCIONES.**

Segundo establece o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (Decreto 374/1996, do 17 de outubro. DOG 21-10-96. Corrección de erros DOG 06-11-96 e DOG 08-01-97), é competencia do equipo de dinamización lingüística:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:

- a) Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
- b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.

4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.

5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria prevexa na súa normativa específica.

Son competencia do coordinador:

- a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- b) Responsabilizarse da redacción dos planos que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- c) Convocar e presidir as reunións do equipo.
- d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- e) Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

## **9.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.**

### **9.1.- RELATIVAS AO CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.**

- 1.- Participación do alumnado nas visitas e saídas culturais á Biblioteca Municipal, ao cine, teatro, Museo, etc.
- 2.- Elaboración, á finais de cada curso, da revista escolar As Nosas Lideiras, implicando a profesorado, alumnado, ex-alumnos, pais e outras persoas que a xuízo do Equipo de Dinamización poidan aportar algo positivo a este obxectivo.
  - 2.1.- Participación no Salón do Libro que organiza o Concello de Pontevedra, cada curso escolar.
  - 2.2.-Colaboración nas actividades de interese que o Concello de Pontevedra, e outras entidades, ofertan cada ano (roteiros, talleres e obradoiros, programas de radio,...)

### **9.2.- RELATIVAS Á SITUACIÓN DO PROFESORADO.**

- 1.- Participación do profesorado nos cursiños de formación sobre competencia lingüística desenvolvidos ao longo do presente curso escolar.
- 2.- Participación na Festa do Samaín. Consistirá na elaboración de máscaras e lanternas con calacús. Rematarase esta actividade coa exposición dos traballos presentados.
- 3.- Participación na Festa do Magosto. Aproveitarase esta festa para a recollida de cantigas, refráns e participación en xogos tradicionais.
- 4.- Participación no Día da Convivencia e Non Violencia. Desenvolveranse actividades para fomentar a reflexión sobre este día e a importancia da paz no desenvolvemento da vida cotiá.
- 5.- O Entroido. Consistirá na elaboración de coplas, máscaras e disfraces por . Nesta festa contamos coa colaboración das familias, especialmente para a degustación gastronómica dos produtos típicos.

6.- Semana das Letras Galegas. Realización, a lo menos, das seguintes actividades:

- Traballo sobre o persoeiro homenaxeado.
- Exposición fotográfica sobre algunha temática a determinar.

### **9.3.- RELATIVAS Á SITUACIÓN DO ALUMNADO.**

1.- Concurso de contos: Convocarase no segundo trimestre de cada curso. Os premios consistirán nun lote de libros, fomentando así o interese pola lectura.

2.- Cada ano elaborárase un novo número da revista escolar “As nosas lideiras”. Recollerá os traballos do alumnado ao longo do curso, as fotografías das actividades, pasatempos, etc. Tamén se dedicarán páxinas á biografía do autor/a homenaxeado no Día das Letras Galegas.

3.- Sesión de contacontos. Farase algunha sesión no centro para fomentar a linguaxe oral, de ser posible.

4.- Festa dos Maios. Colaborarase coa ANPA na elaboración das coplas dos maios.

5.- Participación nos programas de animación á lectura que soen estar organizadas polo concello de Pontevedra.

6.- Festa de Nadal: Realízase un certame de panxoliñas a cargo da profesora de Educación Musical. Tamén se levará a cabo un concurso de postais navideñas, utilizándose as gañadoras, para enviar ás familias como felicitación das festas.

### **9.4.- RELATIVAS Á SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.**

1.- Adquisición de libros axeitados a cada nivel para realización das actividades que o precisen. Adquisición de novidades para fomentar a lectura. Mercaranse, tamén, as novidades para audiovisuais.

2.1.- Actualizar a páxina web do centro e os blogues.

## **10.- PLURILINGÜISMO.**

### **10.1.- PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE)**

Partindo do propio concepto de diversidade: de que cada alumno e alumna son distintos e singulares, cómpre diferenciar, cando menos, dous tipos de atención:

#### **A) Atención ordinaria (artigo 8. D 229):**

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno/a. As medidas que se poden poñer en marcha son:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de recuperación.
- l) Programas de habilidades sociais.

#### **B) Atención extraordinaria (artigo 9 D229):**

Na atención daquel alumnado con NEAE e dende o punto de vista propiamente académico poden establecerse varias vías de atención:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- f) Grupos de adquisición das linguas.
- g) Grupos de adaptación da competencia curricular.

Asemade, deseñaránse e poráanse en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumno/a e deseñando actuacións conxuntas e na mesma liña metodolóxica cos diversos axentes que interveñen co noso alumnado de NEAE, así coma con outras novas necesidades que poidan xurdir.

Cada seguimento realizarase de xeito diferente e en coordinación cos servizos implicados en cada caso: Servizos Sociais, EOE, SERGAS, gabinetes privados, fisioterapeutas, logopedas, psicólogos, e por suposto mantendo unha comunicación fluída en todo momento entre o colexio e a familia.

## **10.2.- SECCIÓNS BILINGÜES.**

O noso centro participa no programa de Seccións Bilingües. O centro desenvolve unha Sección Bilingüe de educación Artística no 5º e 6º nivel de primaria .

Conta cun auxiliar de conversa, seis horas semanais repartidas en dous días, luns e mércores.

## **11.- AVALIACIÓN.**

Ao longo de cada curso escolar, farase un seguimento do Proxecto Lingüístico do Centro, para comprobar as deficiencias detectadas e promover as melloras que procedan.

No mes de xuño, na Memoria Anual, recollerase a avaliación do proxecto que se efectuará tendo en conta os seguintes criterios:

- ✦ Consecución dos obxectivos propostos.
- ✦ Análise das actuacións dinamizadoras levadas a cabo.
- ✦ Valoración do grado de implicación dos membros da Comunidade Educativa.
- ✦ Análise dos materiais e recursos empregados.
- ✦ Valoración da coordinación e colaboración das Administracións públicas e outros organismos e institucións.
- ✦ Progreso do alumnado na adquisición de competencias lingüísticas tendo en conta as propostas realizadas.
- ✦ Valoración da incidencia do proxecto na Comunidade Educativa.
- ✦ valoración dos resultados das actividades levadas: consecución de obxectivos, participación, interese,...